



Facultade de Psicoloxía

Traballo de
fin de grao

Modalidade 2

**“Proxecto de investigación empírica e/ou
desenvolvemento dun estudo piloto”**

Ruptura de parella
e estilos parentais
percibidos polos
fillos/as

Autor/a do TFG

Eva María Rodríguez Vicente

Grao en Psicoloxía

Ano 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Psicoloxía

Índice

Índice	2
Resumo	3
Abstract	4
1. Introducción	5
2. Método	12
2.1. Plantexamento do problema e das hipótesis	12
2.2. Participantes	13
2.3. Instrumentos	19
2.4. Procedimiento	22
2.5 Análise de datos	23
3. Resultados	24
4. Discusión	28
5. Conclusións	31
Referencias bibliográficas	34
Índice de figuras	37
Índice de gráficos	38
Índice de táboas	39
Anexos	40

Resumo

É a familia o noso principal contexto de socialización e coñecemento, e son os pais os seus principais protagonistas. Un cambio na estrutura así como na relación destes ten diversas consecuencias, tanto para os proxenitores como para os estilos parentais que estos levan a cabo e, por suposto, para os fillos e fillas. Por iso estimamos importante estudar como afecta o divorcio ós estilos parentais, analizando as diferencias que se dan entre proxenitores divorciados e proxenitores pertencentes a unha familia intacta. Para esta investigación empleouse unha metodoloxía de tipo descriptiva e os participantes son todos nenos e nenas de entre 12 e 18 anos de tres colexios galegos, IES Ames, IES Milladoiro e IES Ourense-Carballiño pertencentes tanto a familias intactas como a familias que experimentaron a ruptura. Puidemos atopar que, según a percepción dos fillos e fillas, existen discrepancias entre os estilos educativos que levan a cabo as familias intactas e as que experimentaron ruptura de parella. Estas apreñanse nas variables: *diálogo nai*, *displicencia pai*, *coerción física nai*, *coerción física pai*, *coerción física nai*, *privación nai*, *coerción verbal pai*, *coerción verbal nai* así como entre as puntuacións globais *aceptación/implicación* e *coerción/imposición* tanto paterna como materna.

Palabras chave: Familia en ruptura, familia intacta, consecuencias, estilos parentais percibidos, fillos/as

Número de palabras do traballo: 7880

Abstract

It is the family our main context of socialization and knowledge, and are the parents their main protagonists. A change in the structure as well as in the relation of these has diverse consequences, for both the parents and the parental styles that they carry out and, of course, for the children. That is why we consider it important to study how divorce affects parental styles, analyzing the differences between divorced parents and parents belonging to an intact family. A descriptive methodology was used for this research and the participants are all boys and girls from 12 to 18 years old from three Galician schools, IES Ames, IES Milladoiro and IES Ourense-Carballiño belonging to both intact families and families that experienced the break . We found that, depending on the perception of the children, there are discrepancies between the educational styles carried out by intact families and those who experienced a couple break. They learn from the variables: mother dialogue, father's disability, physical coercion, mother's physical coercion, physical coercion mother, mother deprivation, verbal father coercion, verbal coercion as well as between global acceptance / implication and coercion / imposition both paternal and maternal .

Keywords: Family in rupture, family intact, consequences, perceived parenting styles, children

1. Introducción

A familia constitúe o primeiro contexto de influencia do desenvolvemento humano e a base para a socialización e para o desenvolvemento afectivo e físico dos nenos (Henao & García, 2009). Nela apréndense roles, xéranse dinámicas e créanse vínculos importantes para o crecemento de cada membro (Alpízar, 2015) Ademais, na familia iniciamos o noso desenvolvemento cognitivo, afectivo e social, establecendo as primeiras relacións sociais con outras persoas e creando unha imaxe de nós mesmos e do mundo que nos rodea. Son estas evidencias que poñen de manifesto o porqué da relevancia deste primeiro contexto de socialización, sendo ademais do que primeiro ocorre, o máis persistente, o promotor do desenvolvemento e un posible factor protector de situacións de risco (Musitu & Gracia, 2000). A súa estrutura e as súas funcións han ir variando ao longo da historia debido a múltiples factores e circunstancias (Alpízar, 2015), entre outros, culturais, económicos, determinantes demográficos, innovacións técnicas e a influencia dos medios de comunicación son algunhas das causas que precipitaron a transformación deste concepto.

Nas sociedades occidentais aconteceron nos últimos anos múltiples cambios que se relacionaron coa nova diversificación familiar. Algúns destes son: o descenso dos índices de natalidade, o aumento da esperanza de vida, a idade media da maternidade, o atraso na idade de matrimonio e o descenso da nupcialidade, tendo que destacar, especialmente, o aumento das rupturas, así como a transformación na disolución das familias (Instituto de Política Familiar, 2016; Musitu & Gracia, 2000).

Con respecto á súa estrutura, hoxe en día xa non se pode falar dun só tipo de familia. O fogar nuclear diminúeu considerablemente para dar paso a diferentes modalidades. Deste xeito, xorde a familia extensa, onde conviven baixo un mesmo teito pais, nenos, avós, tíos, tías, sobriños, curmáns ou demais; a monoparental, na que hai un pai ou unha nai con fillos; a homoparental, dous pais ou dúas nais; familias en cohabitación, convivencia dunha parella unida por lazos afectivos, con ou sen fillos, pero sen o vínculo legal do matrimonio e as

reconstituídas, nas que se unen dous adultos que teñen fillos doutro matrimonio (Alpízar, 2015).

Son tamén outra consecuencia da historia, as sucesivas transformacións nos roles e nas funcións familiares. A división de traballo por xénero, funcións e estrutura xerárquica de poder, representa hoxe en día só unha pequena parte das familias. As mulleres xa traballan fóra do fogar, asumen responsabilidades económicas desvinculándose de este e converténdose en algo máis que esposas e nais. Os homes aprenden novas destrezas, exercen dun modo diferente a paternidade e as súas roles van máis aló do feito de ser provedores e disciplinadores (Cebotarev, 2003) Así, tamén funcións tradicionalmente atribuídas á familia como garantir a supervivencia do grupo, subordinación dos sentimentos individuais, a función reproductiva, educación formal e relixiosa han ir perdendo importancia, derivando esta en novas características de diferente índole, características económicas, afectiva ou de apoio, socializadoras e asistenciales (Musitu & Gracia, 2000).


Considérase que as prácticas educativas dos progenitores teñen máis impacto no desenvolvemento dos fillos e fillas, presentando máis influencia, ata que as características psicolóxicas destes (Darling & Steingberg, 1993)

Son varios os modelos que sustentan as prácticas educativas podendo observar, á vez do concepto familia, un gran cambio na súa base. O tradicional de socialización, tamén chamado unidireccional, céntrase na conduta que os pais dirixen aos fillos. Os pais levan a cabo estilos de interacción que determinan o tipo de relación pais-fillos e as consecuencias evolutivas existindo unha conexión directa entre as condutas dos pais e os trazos psicolóxicos dos seus fillos (Alarcón, 2012). Co tempo este modelo foise desquebraxando dando paso a un novo que se compón de diferentes características sendo as principais; direccionalidad, os estilos educativos tamén están condicionados e deben ter en conta as características dos fillos; transicionalidad, establécese unha relación circular axustándose ao comportamento e aos efectos de devandito estilo; bondade de axuste, o axuste das característica do neno ás demandas da contorna; importancia das influencias ambientais non compartidas e influencias simultaneas.

Sendo a familia un núcleo de tanta influencia, un cambio na súa estrutura desestabiliza a todos os seus membros (Fariña, Martínón, Arce, Novo, & Seijo, 2016). Un dos desequilibrios máis inesperados e impactantes para o sistema familiar é o divorcio dos cónyuges, que se pode definir como a decisión unilateral ou de ambas partes de disolver o vínculo emocional e o contrato legal que os unía como parella baixo un obxectivo común (Cervantes, Villaseñor, Campos, & García, 2017)

Algúns datos relevantes recollidos polo INE (2016) son que o 75.9% dos procesos (divorcios e separacións) acontecidos no ano 2015 foron de mutuo acordo, mentres que o 24.1% restante foron contenciosos, ademais, estes matrimonios tiveron unha duración media de 16 anos. A taxa de nulidades, separacións e divorcios por cada 1.000 habitantes en España foi de 2.2 no ano 2015.

Figura 1. Datos sobre nulidades, separacións e divorcios por comunidades e cidades autónomas (Fonte: INE, 2016)



Nota: Para el año 2015, los Juzgados de Ceuta no han proporcionado dato.

Así, atópase ben establecido pola investigación que estes procesos entre eles o divorcio provoca alteracións nos progenitores a nivel psicoemocional, manifestando un estado de ánimo negativo que afecta aos seus pensamentos e ao seu comportamento en xeral e que tamén repercute en diferentes aspectos da vida e do desenvolvemento dos fillos (Fariña, Arce, Seijo, & Novo, 2013; Fariña et al, 2016).

É común que ante a crise algún dos cónyuges poida presentar sintomatología depresiva, ter pensamentos desorganizados, ou actuar de xeito agresivo cos demais, especialmente cos seus fillos, debido á perda que está vivindo (Cervantes et al., 2017)

Indagando acerca das diferenzas que existen en torno ao benestar entre mulleres que teñen ao seu primeiro fillo en distintas condicións familiares e acerca de como os cambios da estrutura familiar afectan a estas, Salinas e Aranís (2014) atopan, con respecto ao benestar económico, que as mulleres casadas posúen unha gran vantaxe respecto ás demais xa que teñen unha maior probabilidade de estar traballando catro anos logo de ter ao seu primeiro fillo, de ser propietarias e de ter un maior nivel de ingresos. En canto ao benestar físico e emocional, as casadas volven estar nunha posición privilexiada, pero as diferenzas esta vez non son tan considerables, aínda que sexan estadísticamente significativas. Finalmente, con respecto ao apoio social, as mulleres casadas de novo volven a manifestar mellores resultados en termos de apoio emocional e económico percibido (Salinas & Aranís, 2014).


En relación ao divorcio atópase, nalgúns investigacións, que a perda de benestar é maior para as mulleres que para os homes e menor para as persoas que proveñen de unións consensuais que para as parellas casadas (Bucheli, Cabella, Nathan, Fitermann, Vigorito, & Zerpa, 2015). Malia iso, outras nos aportan diferentes hipóteses onde podemos observar que os progenitores divorciados, tanto homes como mulleres, e custodios e non custodios, teñen niveis elevados de pensamentos negativos presentando un nivel máis baixo de benestar psicolóxico (máis emocións negativas, menos emocións positivas e menor satisfacción vital). Ademais, os pais con niveis elevados de pensamentos negativos tenden a utilizar alcol ou drogas como estratexia de afrontamiento (Yáñez-Yaben, 2010).

Finalmente outros estudos plantexan outro punto de vista como que non é en si a estrutura familiar senón o funcionamento familiar o que tería relación coa aparición de ansiedade e depresión nos membros da familia (por exemplo, Montalvo, Espinosa, & Pérez, 2013).

Aínda que se confirmou que estas implicacións afectan a ambos proxenitores, conclúese que teñen unha repercusión maior naquel que exerce a garda e custodia, quen tradicionalmente foi a nai, e aínda aínda se segue observando esta tendencia (Instituto Nacional de Estatística, INE, 2016).

Figura 2. *Separacións e divorcios atendendo á garda e custodia dos fillos e fillas (Fonte: INE, 2016)*

Separaciones y divorcios (cónyuges de diferente sexo) según quien ejerce la custodia (%). Año 2015



Son estas consecuencias sufridas polos proxenitores, as que afectarán en maior ou menor medida os estilos educativos que estos levarán a cabo. Torío, Peña e Rodríguez (2008) definen estilo educativo parental como a forma de actuar dos adultos respecto dos nenos ante situacións cotidianas, toma de decisións ou resolución de conflitos (Torío, Peña, & Rodríguez, 2008). O largo da historia propuxéronse un largo listado de estilos educativos, por exemplo Baumrind (1966), quen fixo un estudio en profundidade sobre eles, establece tres tipos diferentes de estilos parentais: permisivo, autoritario e democrático. Algún autores como Maccoby e Martin (1983) perfeccionan a proposta desta autora aportando, ademais dos anteriores estilos, o negligente. Magaz e García (1998) establecen catro estilos (que seguiremos en esta investigación), a saber, o estilo asertivo, o punitivo, o inhibicionista e o estilo sobreprotector.

Así, seguindo o establecido por diferentes autores podemos entender (Aguilar & Morales 2015; Jimenez, Hernández, & Ramadán, 2016; Magaz & García, 1998; Pérez, Pauoar, & Farfán, 2016):

- a) Por *estilo educativo asertivo* aquel a través do que o proxenitor (pai e/ou nai) mostra afecto, control e sensibilidade, acompañado por un plantexamento de normas claras, de métodos que levan o emprego de reforzo positivo ou negativo si é necesario. Ademais, son capaces de estimular a independencia e responsabilidade a través dun estilo comunicacional aberto e bidireccional.
- b) O *estilo educativo punitivo* caracterízase pola existencia de normas ríxidas e pouco flexibles. Os proxenitores esixen aos fillos e fillas todos os seus comportamentos en función do que eles deciden, unilateralmente, que se debe ou non se debe facer. Son

frecuentes os reproches e as críticas cando o neno non fai as cousas como se lle dixo que as faga. O estilo comunicacional que predomina e de tipo unidireccional.

- c) Pola sua banda, o *estilo educativo inhibicionista* caracterízase fundamentalmente pola crenza de que o neno ou a nena pode e ha de ir aprendendo por si só todas as cousas que son relevantes e útiles na vida. Só hai que permitirlle e deixarlle o espazo para desenvolverse. Este modo de comportarse por parte dos pais e nais, como educadores, implica deixar aos nenos que tomen decisións por si mesmos sobre calquera aspecto da sua vida.
- d) Finalmente, o *estilo sobreprotector* caracterízase polo excesivo coidado e atención aos estados do neno e a nena. Os pais con este estilo predominante son moi afectivos e pouco normativos, e dicir, non establecen límites claros, as normas son difusas ou non se reforzan sempre. Tenden a evitar calquer frustración ou sufrimento do fillo/a.

Os estilos parentais vense afectados de múltiples formas despois da ruptura, Bolaños (1998) observa que esta produce cambios nas interaccións afectivas, na eficacia da autoridade e no reparto de funcións do fogar que poden incidir en peores niveis de comunicación, menos esixencias de maduración e pautas normativas máis inconsistentes que oscilan entre a permisividad e a rixidez. Así existen estudos onde se evidencia que a frecuencia de aparición destes comportamentos autoritativos parece ser significativamente maior nas nais que nos pais. Os estudantes adolescentes, por exemplo percibían ao seu pai máis influyente como autoritativo e o nivel de control castigo exercido por progenitores varóns era significativamente máis elevado cando a parella parental convivía (Casullo & Liporace, 2008)

Neste sentido, un estudo levado a cabo na Universidade de México, por Asilli e Kristel (2003), sobre a relación entre estilos parentales, estilos de apego e benestar psicolóxico, que comparou un grupo de nais divorciadas e non divorciadas, atopou que o grupo de mulleres divorciadas caracterízase por puntuacións máis elevadas en sobreprotección en comparación co grupo de mulleres casadas, alcanzando tamén maiores puntuacións en ansiedade, dependencia e intimidade en estilo de apego. Pola contra son as nais que continuaron casadas as que obteñen maiores puntuacións en auto aceptación, relación positiva cos demais, dominio do ambiente e propósito de vida (Asilli & Kristel, 2003). Así, no período inmediato á separación adóitase producir un deterioro das prácticas de crianza, caracterizándose estas pola irritabilidade, a coerción, un menor afecto, control e pola inconsistencia. Son as nais divorciadas e as que tenden á depresión as que teñen menos

habilidades en resolución de problemas familiares e é máis probable que provoquen conflitos cos fillos polo uso de prácticas coercitivas. Ademais este estudo ponnos de manifesto que a separación dos pais e a afectación negativa das prácticas de crianza facilita o achegamento dos fillos adolescentes con iguais desviados e o desenvolvemento de condutas delituosas (Cantón, 2002).

Finalmente algúns autores como Bastaits, Ponnet, Van Peer e Mortelmans intentan explicar tamén estes cambios de estilos educativos nos proxenitores varóns asociando dito cambio a angustia que estos perciben pola posible perda de contacto cos fillos/as. É esta angustia un posible factor estresante o que se convirte en un impacto negativo na paternidade que pode conducir os pais non custidios a ter menos participación no estilo de crianza ou a levar a cabo un estilo permisivo para compensar (Bastaits, Ponnet, Van Peer, & Mortelmans, 2014).

A pesar do nacemento de novos estilos de relación filial e roles o feito de ser nai ou pai, como podemos observar, ten diferentes consecuencias tanto a nivel persoal como familiar. As relacións de xénero, así como a sintomatoloxía asociada a este proceso inflúen nas pautas desde as cales nais e pais entenden as responsabilidades na educación e coidados dos fillos/as. En conclusión, é o divorcio un proceso difícil con consecuencias asociadas tanto para os proxenitores como para os estilos educativos que a súa vez repercutirá nos nenos e nenas (Muñoz, 2014).

2. Método

2.1 Plantexamento do problema e das hipótesis

Partindo da revisión da literatura que levamos a cabo, podemos esperar que as situacións familiares que levan a ruptura da parella, posiblemente se vexan acompañadas por discrepancias e nos estilos educativos e modos de actuación de pai e nai cos fillos. Concretamente, neste estudio centrarémonos en estudar si se poden constatar estas diferencias, dende a perspectiva dos fillos e fillas. Así, plantexamos un estudio centrado nos seguintes aspectos:

- Coñecer os estilos parentais que levan a cabo os proxenitores en situacións de ruptura de parella.
- Analizar as diferencias de socialización, según a percepción dos nenos e nenas, entre proxenitores que experimentaron ruptura e proxenitores de familias intactas.
- Coñecer a percepción dos nenos e nenas sobre os estilos educativos de cada un dos seus proxenitores.
- Concienciar sobre as consecuencias de esta situación nos nenos e nas e abrir un posible camiño de respostas.

Partindo deste plantexamento establecemos que en situación de ruptura de parella os proxenitores presentarán un estilo educativo diferente o dos proxenitores que non experimentaron a ruptura.

Concretamente, definimos as seguintes hipótesis:


H1: Na dimensión Aceptación/Implicación as nais e os pais en situación de ruptura de parella presentarán menores puntuacións que as nais e os pais en situación intacta.

H2: Na dimensión Coerción/Imposición as nais e os pais en situación de ruptura de parella presentarán puntuacións máis altas que as nais e os pais en situación intacta.

2.2 Participantes


En este estudio participaron un total de 196 adolescentes, 93 que experimentaron a ruptura de parella dos seus proxenitores e 103 con familias intactas, con idades comprendidas entre 12 e 18 anos ($M=14.68$; $SD= 1.79$). Por sexo, un 56 % foron varóns ($n=109$) e un 44 % foron mulleres ($n=87$) como se representa gráfico 1.

Gráfico 1. *Distribución dos participantes por sexo.*




Estos datos foron recabados en tres centros escolares, dous na provincia da Coruña (o IES Milladoiro e o IES de Bertamiráns, ambos no concello de Ames) e un en Ourense (o IES numero 1 de Carballiño). O 45% dos participantes proveñen do IES Milladoiro, o 35% do IES Bertamiráns, e 20% do IES Carballiño (ver gráfico 2).

Gráfico 2. *Distribución dos participantes por centros escolares*



Con respecto a quen obtivo a garda e custodia no caso de proxenitores divorciados (93 familias das totais) podemos observar que tan so 2 (2%) pais a obteñen, 17 (18%) casos presentan custodia compartida mentres que os 74 (80%) restantes é a nai quen obtén a garda e custodia. Ademáis a media de idade dos suxeitos cando se levou a cabo a ruptura é de $X=7.96$, dándose un mínimo de 1 e un máximo de 18 (Gráfico 3).


Gráfico 3. *Distribución dos participantes por tipo de garda e custodia.*



Respeto á frecuencia con que os nenos e nenas están co proxenitor non custodio, os datos indican (Gráfico 4) que a frecuencia máis marcada é “nunca” con un 13.8% (n=27) seguido de “poucas veces o ano” 10.7% (n=21) “cada quince días, 2 días” 9.7% (n=19)


“varios días a semana” 8.2% (n=16) e “todos os días” coa frecuencia máis baixa sendo esta 3.6% (n=7).

Gráfico 4. Distribución da mostra en función do contacto dos nenos co proxenitor non custodio.




Como podemos observar no gráfico 5, os participantes definen a relación con dito proxenitor, o non custodio, como “moi mala” nun 10.2% (n=20), “mala” 5.1% (n=10) “nin boa nin mala” 11.7% (n=23) “boa” 9.2% (n=18) e moi boa nun 5.6% (n=11).

Gráfico 5. Distribución de los apticipantes en función de la relación proxenitor non custodio.




Os datos acerca de como viviron o divorcio dos pais o 15.3% (n=30) afirma que o viveu dunha forma neutral, nin boa nin mala, o 13.3% (n=26) afirman que foi unha mala experiencia, 8.7% (n=17) moi mala frente a 3.6% (n=7) que din que foi unha boa experiencia e 4.1% (n=8) que din que foi moi boa (Gráfico 6).

Gráfico 6. *Descritivos sobre como viviron a experiencia da ruptura de parella dos seus proxenitores.*




Sobre como describen a relación con seus pais despois da separación o 16.8% (n=33) describena como moi mala seguido do 7.7% (n=15) que afirman que é mala, o 9.7% (n=19) din que teñen unha relación nin boa nin mala mentres que o 4.6% (n=9) calificana como boa e o 4.1% (n=8) como moi boa (Gráfico 7).

Gráfico 7. *Descriptivos sobre a relación dos nenos e nenas cos proxenitores despois da ruptura de parella.*




Acerca de como describen a relación con sua nai e seu pai actualmente, podemos observar, con respecto a nai, que 0% é decir ningún participante afirma ter moi mala relación coa nai, o 2.6% (n=5) describena como mala, 05% (n=1) nin boa nin mala, 16.3% (n=32) como boa e o 22.4% (n=44) afirman ter unha relación moi boa.

Gráfico 8. *Descriptivos sobre a relación dos nenos e nenas coa sua nai.*




Con respecto o pai o 9.2 % (n=18) describen a relación como moi mala, 3.6% (n=7) din que é mala, 8.7% (n=17) que non é nin boa nin mala mentres que o 11.2% (n=22) afirman que boa e no mesmo porcentaxe 11.2% (n=22) que moi boa. (Gráfico 9) .

Gráfico 9. *Descriptivos sobre a percepción da relación dos nenos e nenas co seu pai.*




Finalmente, a pregunta “tes algunha relación coa familia de teu pai” “tes algunha relación coa familia de tua nai” o 43.9 (n=86) afirma ter relación coa familia da nai, mentres que tan solo o 1.5% (n=3) responden que non teñen (Gráfico 10).

Gráfico 10. *Descriptivos sobre a relación dos nenos e nenas coa familia extensa materna*



O 35.2% (n=69) declara ter relación coa familia paterna mentres que o 9.7% (n=19) manifestan que esta relación non existe (Gráfico 11).

Gráfico 11. *Descriptivos sobre a relación dos nenos e nenas coa familia extensa paterna.*



2.3 Instrumentos

Para recoller os datos deste estudo conformouse unha batería (Anexo 1) que se aplica aos adolescentes. Os cuestionarios utilizados foron:

- a) Un cuestionario que recolle datos en relación aos seguintes aspectos:
 - *Sociodemográfico* (sexo, idade, curso, situación familiar)
 - *Situación familiar*. Concretamente se recolle información sobre:
 - A situación relacional entre os proxenitores (familia intacta vs. Familia con ruptura de parella dos proxenitores)
 - No caso de ruptura de parella:
 - Garda e custodia dos nenos. As categorías son: o paia, a nai, ambos.

- Contacto dos nenos co proxenitor non custodio. As respostas categorízanse en: todos os días, varios días a semana, cada quince días (2 días), poucas veces o ano ou nunca
- Experiencia da ruptura de parella dos proxenitores. As respostas recóllense nunha escala tipo likert: 1=moi mala, 2=mala; 3=nen boa nen mala; 4=boa; 5=moi boa.
- Unha serie de preguntas de tipo relacional, cuxas respostas se recollen nunha escala tipo likert: 1=moi mala, 2=mala; 3=nen boa nen mala; 4=boa; 5=moi boa. Concretamente as cuestións plantexadas son:
 - A relación do neno co proxenitor non custodio trala ruptura
 - A descripción da relación do neno cos seus pais despois da ruptura
 - A relación actual coa nai
 - A relación actual co pai
- Cuestións sobre a relación dos nenos e nenas coa familia extensa tanto paterna como materna:
 - Hai algunha relación coa familia paterna ou materna. As respostas recóllense como SI ou NON.
 - Con qué familia extensa paterna ou materna mantén contacto o neno. As alternativas son 1= avos, 2=tios, 3=todos; 4=con ningun.
 - Frecuencia de contacto cos avós paternos e maternos. As respostas recóllense en base ás categorías: 1=semanalmente ou máis; 2= unha ou dúas veces o mes; 3=poucas veces o ano; 4= nunca; 5= faleceron

b) Escala de Socialización Parental na Adolescencia/ESPA-29 (García & Musitu, 2004) dirixida a adolescentes entre 12 e 18 anos. Este cuestionario valora os estilos de socialización dos progenitores en diferentes escenarios representativos. Así, os fillos valoran ao seu pai e á súa nai por separado, en 29 situacións que se distribúen do seguinte modo:

- En 13 delas valórase unha escala de afecto/indiferenza con cuestións do tipo “móstrame agarimo” (subescala de afecto) e “móstrase indiferente” (subescala de indiferenza).

- Nas 16 restantes evalúanse dimensións como diálogo, displicencia, coerción e privación con cuestións do tipo “fala comigo” (subescala de diálogo), “dálle igual” (subescala de displicencia), “riñeme” (subescala de coerción verbal), “pégame” (coerción física) e “prívame de algo” (subescala de privación).

Cada unha destas puntúanse nunha escala de 4 puntos (1, nunca; 2, algunhas veces; 3, moitas veces; e 4, sempre). A disposición de cada unha das actuacións dos pais vai variando de maneira que se evita os patróns de resposta asociados á orde de presentación.

A consistencia interna para o conxunto da escala é de .968 segundo alfa de Cronbach. Para cada unha das subescalas, no caso da nai, o afecto presenta unha fiabilidade de .943, a indiferenza de .918, o diálogo de .930, a displicencia de .840, a coerción verbal de .897, a coerción física de .901 e a privación de .913. Para os pais, a subescala de afecto presenta unha consistencia interna de .940, a indiferenza de .922, o diálogo de .931, a displicencia de .820, a coerción verbal de .901, a coerción física de .907 e a privación de .916. En canto á validez, as diferenzas entre a actuación do pai e a nai eran, fundamentalmente, que os fillos percibían a actuación dos seus pais como máis extrema. Estes indicaban que o pai expresaba afecto e menos indiferenza en situacións nas que actuaban correctamente e, maior diálogo e menor displicencia en situacións nas que actuaban de xeito incorrecta. As actuacións do pai tamén eran máis extremas para a coerción verbal mentres que nas outras escalas non existían diferenzas significativas. Polo tanto, os fillos e fillas percibían un maior grado de Aceptación/implicación nos pais que nas súas nais.

Esta escala permite obter puntuacións en dúas dimensións:

- *A dimensión de Aceptación/Implicación* aplícase a aqueles pais que expresen reaccións de aprobación e afecto cando os seus fillos se comporten de acordo coas normas familiares. Esta dimensión está formada pola subescalas de afecto, indiferenza, diálogo e displicencia. Dentro desta dimensión, o afecto atópase no extremo positivo mentres que a indiferenza sería o extremo contrario. Esta dimensión relaciónase positivamente con afecto e agarimo dos pais cando o neno compórtase adecuadamente e negativamente coa indiferenza ante tales condutas. Cando o comportamento do fillo é inadecuado, relacionarase positivamente co diálogo e negativamente coa displicencia.

- *A dimensión de Coerción/Imposición* só se debe aplicar no momento no que o fillo/a presente unha conduta inadecuada ou discrepante das normas de funcionamento de casa e mídese en termos de privación, coerción física e coerción verbal.

.As dúas dimensións nas que se divide a escala permiten obter, posteriormente, os estilos parentais clásicos. A partir das puntuacións directas que ofrece a escala obtéñense centiles

a partir de baremos por idades e xénero. O estilo parental democrático correspóndese con altos centiles na dimensión de Aceptación/Implicación ($A/I > 50$) e altos centiles en Coerción/Implicación ($C/I > 50$). O estilo parental permisivo componse de altos centiles en Aceptación/Implicación e baixos en Coerción/Imposición ($C/I < 50$). Pola contra, baixas puntuacións en Aceptación/Implicación e altas puntuacións en Coerción/Imposición correspóndense cun estilo parental autoritario. Para rematar, os estilos parentais negligentes caracterízanse por baixos centiles nas dúas dimensións.

2.4 Procedemento

O procedemento seguido para desenvolver o presente estudo foi o seguinte. En primeiro lugar, contactouse telefónicamente co equipo directivo dos centros educativos IES Milladoiro (Ames), IES Número 1 (Carballiño) e IES Bertamiráns (Ames). Nun primeiro momento contactouse telefónicamente e, unha vez aceptada a participación no estudo, fíxose de forma presencial. Nesta visita presentouse á dirección do centro o obxectivo da investigación así como os cuestionarios a aplicar. Posteriormente, o equipo directivo comprometeuse a enviar unha circular a todas as familias do centro de 1º a 4º da ESO. Esta circular contiña unha explicación do estudo así como unha folla de consentimento informado (Anexo 2) que os progenitores debían devolver correctamente cumprimentado e asinado, no caso de aceptar a participación dos seus fillos no estudo. Unha vez coñécense os participantes que van participar na investigación, fíxase co equipo directivo e os titores de cada curso unha sesión de tutoría que non interrompa en gran medida o ritmo das clases para aplicar os cuestionarios. Dentro dunha clase, só contestarán aos cuestionarios aqueles mozos/as que presentaron o consentimento informado asinado polos seus progenitores.

Finalmente, indicar que este estudo cumpre coas condicións éticas establecidas a nivel xeral na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de carácter persoal.

2.5 Análise de datos

Para o análisis de datos aplicouse metodoloxía descriptiva a través do cálculo de frecuencias e porcentaxes. Ademais, para comparar as dimensións (*aceptación/implicación e coerción/imposición*) e os estilos educativos mantidos polo proxenitores de familias con ruptura de parella e familias intactas executouse t de Student para mostras independentes.

3. Resultados

Tal e como podemos observar na táboa 1 (resultados para dimensión de aceptación/implicación), os resultados indican que, según a percepción dos participantes, existen diferencias significativas nas variables: *diálogo coa nai* ($M_{\text{ruptura}}=2.79$; $M_{\text{intacta}}=3.00$; $p < .05$) *displuencia pai* ($M_{\text{ruptura}}=1.42$; $M_{\text{intacta}}=1.30$; $p < .05$) e na dimensión: *aceptación/implicación pai* ($M_{\text{ruptura}}=2.41$; $M_{\text{intacta}}=3.07$; $p < .000$) e *aceptación/implicación nai* ($M_{\text{ruptura}}= 2.45$; $M_{\text{intacta}}=3.19$; $p < .000$). Con respecto a táboa 2 (resultados para dimensión de coerción/imposición) esta presenta tamén diferencias significativas nas variables: *coerción física pai* ($M_{\text{ruptura}}=2.55$; $M_{\text{intacta}}= 1.10$; $p < .000$) *coerción física nai* ($M_{\text{ruptura}}= 2.67$; $M_{\text{intacta}}= 1.18$; $p < .000$) *privación nai* ($M_{\text{ruptura}}= 1.21$; $M_{\text{intacta}}=1.82$; $p < .000$) *coerción verbal pai* ($M_{\text{ruptura}}=1.79$; $M_{\text{intacta}}=2.59$; $p < .000$) *coerción verbal nai* ($M_{\text{ruptura}}=1.79$; $M_{\text{intacta}}=2.64$; $p < .000$) e na dimensión *coerción/imposición pai* ($M_{\text{ruptura}}=1.67$; $M_{\text{intacta}}=1.82$; $p < .05$) e *coerción/imposición nai* ($M_{\text{ruptura}}=1.69$; $M_{\text{intacta}}=1.92$; $p < .05$).

Taboá 1. *t de Student para mostras independentes para a dimensión de estilos educativos aceptación/implicación entra familias con ruptura e intactas.*

Variable	$M_{ruptura}$	$DT_{ruptura}$	$M_{intacta}$	$DT_{intacta}$	t	gl	p
Diálogo Pai	2.64	0.62	2.80	0.78	-1.4	166.56	.142
Diálogo Nai	2.79	0.65	3.00	0.72	-2.10	192	.036
Afecto Pai	2.53	0.75	2.68	0.85	-1.19	169	.233
Afecto Nai	2.86	0.83	2.78	0.82	0.69	192	.491
Displicencia Pai	1.42	0.40	1.30	0.40	1.83	169	.069
DisplicenciaNai	1.33	0.35	1.27	0.37	1.14	192	.253
Indiferencia Pai	1.92	0.76	1.80	0.80	0.941	169	.348
Indiferencia Nai	1.73	0.72	1.70	0.77	0.291	192	.771
Aceptación/ Implicación Pai	2.41	0.68	3.07	0.58	-6.69	169	.000
Aceptación/ Implicación Nai	2.45	0.78	3.19	0.53	-7.576	149.84	.000

Por un lado, en relación podemos interpretar os resultados das variables significativas da seguinte maneira (taboá 1). Na variable *diálogo coa nai*, son as nais de familias en ruptura as que obteñen menor puntuación ($M_{ruptura}=2.79$, $M_{intacta}=3$, $p>.05$) o que significa que, son os nenos e nenas do grupo intacta os que perciben maior diálogo coas súas nais que os fillos e fillas de familias onde se experimentou ruptura. Tendo en conta a dimensión global *aceptación/implicación* os resultados indican tanto os pais ($M_{ruptura}=2.41$, $M_{intacta}=3.07$, $p>.000$) como para as nais ($M_{ruptura}=2.45$, $M_{intacta}=3.19$, $p>.000$) de familias en ruptura obteñen menor puntuación que os pais e as nais de familias intactas. Isto significa que os nenos e nenas do grupo de intacta senten, en maior medida, que seus pais expresan reaccións de aprobación e afecto cando se comportan de acordo coas normas que os fillos e fillas de grupo ruptura.

Estes resultados permiten aceptar a primeira hipótese que plantexamos que afirmaba que: “*H1: na dimensión Aceptación/Implicación as nais e os pais en situación de ruptura de parella presentarán menores puntuacións que as nais e os pais en situación intacta*”. Por tanto a nivel xeral, os fillos e fillas de pais divorciados perciben menor

aceptación/implicación, ou o que é o mesmo menores reaccións de aprobación e afecto cando se comportan de acordo coas normas, que os de familias intactas.

Taboa 2: *t de Student para mostras independentes para a dimensión de estilos educativos coerción/imposición entre familias con ruptura e intactas.*

Variable	$M_{ruptura}$	$DT_{ruptura}$	$M_{intacta}$	$DT_{intacta}$	t	gl	p
Coerción física Pai	2.55	0.87	1.10	0.37	13.19	88.35	.000
Coerción física Nai	2.67	0.96	1.18	0.47	13.24	123.32	.000
Privación Pai	1.21	0.46	3.54	17.93	-1.09	169	.277
Privación Nai	1.21	0.46	3.54	17.93	-6.71	191	.000
Coerción verbal Pai	1.79	0.68	2.59	0.58	-7.98	135.11	.000
Coerción verbal Nai	1.79	0.78	2.64	0.64	-8.18	170.40	.000
Coerción/ Imposición Pai	1.67	0.41	1.82	0.41	-2.36	169	.019
Coerción/ Imposición Nai	1.69	0.50	1.92	0.51	-3.05	192	.003

Por outro lado, con respecto á dimensión *Coerción/Imposición* (Táboa 2), podemos interpretar os resultados das variables significativas da seguinte maneira. Na variable *coerción física pai* son os pais divorciados os que obteñen maior puntuación que os pais de familia intacta ($M_{ruptura}=2.55$, $M_{intacta}=1.10$, $p>.000$). Significa isto que, os fillos e fillas de familias que experimentaron a ruptura perciben maior coerción física, ou que seus pais usan esta técnica coercitiva en maiores ocasións, que os nenos e nenas de familias intactas. O mesmo ocorre con esta variable para as nais (*coerción física nai*), son as nais de familias en ruptura as que obteñen maior puntuación que as nais de intacta ($M_{ruptura}=2.67$, $M_{intacta}=1.18$, $p>.000$). Por tanto son os nenos e nenas do grupo ruptura os que senten en maior medida corección física por parte das nais que os fillos e fillas de familias intactas.

Respecto á variable *privación nai* obtemos que as nais divorciadas quenes obteñen menores puntuacións que as nais de intacta ($M_{ruptura}=1.21$, $M_{intacta}=3.54$, $p>.05$). Por tanto, son os nenos e nenas de familias intactas quenes senten maior privación por parte da nai que os fillos de familias en ruptura.

En relación a *coerción verbal* tanto a paterna ($M_{ruptura}=1.79$, $M_{intacta}=2.59$, $p>.000$) como a materna ($M_{ruptura}=1.79$, $M_{intacta}=2.64$, $p>.000$) segue a linea da anterior variable. Son os pais de familias intactas quen os puntuamos máis alto que os de familias en ruptura. O mesmo ocorre coas nais, puntuando máis as de intacta. Isto significa que os fillos e fillas de familias intactas perciben que seus pais e nais usan a coerción verbal en maior medida que os nenos e nenas de familias en ruptura.

Con respecto os resultados da dimensión global *coerción/imposición* tanto os pais ($M_{ruptura}=1.67$, $M_{intacta}=1.82$, $p>.05$) como as nais ($M_{ruptura}=1.69$, $M_{intacta}=1.92$, $p>.05$) de familias en ruptura puntuamos menos que os pais e nais de familia intacta. Denota isto que os fillos e fillas de proxenitores divorciados senten, en menor medida que os nenos e nenas de intacta, que seus pais usan menos técnicas de coerción/imposición (privación, coerción física e verbal) cando presentan unha conduta inadecuada ou discrepante das normas de funcionamento de casa.

